



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE SETEMBRO DE 2010.

---Contrato: OBRA “CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NO ALUMADO PÚBLICO NAS ZONAS DE VILAR, AVDA. FERNANDO CONDE E LEICURES”.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **1 DE OUTUBRO DE 2010**

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras de “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético no alumado públicos das zonas de Vilar, Avda. Fernando Conde e Leicures”, cun prezo base de licitación de 100.000,00 €.

Visto que das tres empresas convidadas, Electricidad CS, S.C. e Montajes Fema comunican a este Concello que non presentan oferta para a execución da referida obra, e a empresa “Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U.” é a única que presenta correctamente a documentación requirida nos Pregos.

Vista a previa fiscalización da Intervención municipal, asinada con data 22-09-10.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NO ALUMADO PÚBLICO DAS ZONAS DE VILAR, AVDA. FERNANDO CONDE E LEICURES”, por importe de 100.000,00 €, á empresa **CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U.** (CIF B15567167, e enderezo a efecto de notificacións en Polígono Pocomaco, parcela D-2, Nave 6 – 15190 A Coruña), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Certificación acreditativa de estar dado de alta no IAE, no epígrafe correspondente no ámbito municipal, provincial ou nacional.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 30 de setembro de 2010.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López